

Boletín Informativo AEF



Visita ao Concello de Narón

Parte da Xunta Directiva da AEF, con noso presidente Ángel Torreiro ao fronte, reuniuse o 5 de marzo, coa alcaldesa de Narón, Marián Ferreiro, e o concelleiro de Promoción Económica, David Pita. No transcurso da reunión abordáronse futuros proxectos vencellados ao sector empresarial na cidade, para os que dende o goberno local se amosou a disposición a colaborar.

Nesta primeira toma de contacto coa nova directiva plantexáronse algunhas propostas de futuro e tamén se acordou convocar mesas de traballo con certa periodicidade nas que estean presentes representantes do Concello e do sector empresarial da cidade. Falouse da creación dun Observatorio de infraestruras empresariais e de por en valor a actividades empresarial de Narón, e especialmente dos polígonos (Río do Pozo, As Lagoas e a Gándara).

Contenido:

Visita Concello Narón	1
Actividades AEF	2
Bando Concello Narón	3
Bando Concello Ferrol	4
Especial Coronavirus	5-8



Programa Atrévete - CEIP Cruceiro de Canido



O 5 de marzo pola mañá tivo lugar no CIFP Ferrolterra a charla de fomento do emprendemento para alumnos de educación primaria dentro do Programa AtréveTe, nesta ocasión foron alumnos do CEIP Cruceiro de Canido de Ferrol e foi impartida por Carlos Moreira, vicepresidente da AEF.

Encontros APE Galicia. CLAVES PARA IMPULSAR O EMPREGO AUTÓNOMO EN GALICIA



A AEF e APE Galicia organizamos en Ferrol un Encontro "Craves para impulsar o emprego autónomo en Galicia", o cal estivo orientado ao impulso do emprego autónomo, na cal se explicou a fiscalidade do colectivo, as liñas de apoio existentes, os recursos e prestacións cos que se conta e explicáronse distintas experiencias.

A xornada foi presentada polo Director Xeral de Orientación, Pablo Casal Espido e contou con relatoras como Miguel Ángel Vázquez Taín, presidente do Consello Galego de Economistas; Anabel Fernández López, avogada laboralista; Juan Lirón, Subdirector Xeral de Emprego. Ademais, realizouse unha mesa redonda moderada por Miguel Souto, na que participaron os relatores antes citados e tres emprendedores da zona (Oído Cociña, Autolavandería de Valdoviño e Afago).

O acto foi clausurado por Covadonga Toca, Secretaria Xeral de Emprego da Xunta de Galicia.

ESPECIAL CORONAVIRUS

DECRETO CONCELLO DE NARÓN



CONCELLO DE NARÓN

DECRETO DE ALCALDÍA

DONA MARIÁN FERREIRO DÍAZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE NARÓN,

Ante a expansión da pandemia provocada polo virus COVID-19 (coronavirus) e as diversas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia anunciadas polo seu Presidente no día de hoxe, que suporán, entre outras, a clausura de todos os centros educativos de Galicia a partir do vindeiro luns día 16 de marzo de 2020, por un período estimado de catorce días, esta Alcaldesa, en virtude da previsión establecida no artigo 21 letra m) da LBRL

DECRETA

PRIMEIRO. - SUSPENDER a celebración de ACTIVIDADES ESCOLARES E EXTRAESCOLARES dependentes do Concello de Narón.

SEGUNDO. - SUSPENDER as actividades nas seguintes instalacións municipais: BIBLIOTECA, AXENCIAS DE LECTURA, LUDOTECA, CASA DA MOCIDADE, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, CENTRO COMUNITARIO MANUELA PÉREZ SEQUEIROS (agás o Centro de Día), CENTRO DAS VIVENDAS DA MARIÑA (agás o comedor) E OS CENTROS CÍVICOS E SOCIAIS.

TERCEIRO. - SUSPENDER a realización de todas as actividades formativas presenciais no CENTRO DE FORMACIÓN IRMÁNS FROILAZ e na AULA CEMIT.

CUARTO. - SUSPENDER todas as ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS dependentes do Concello de Narón.

QUINTO. - SUSPENDER todas as ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS CULTURAIS dependentes do Concello de Narón, así como a toialidade dos ESPECTÁCULOS PÚBLICOS CULTURAIS, nesas mesmas instalacións.

SEXTO. - As suspensións reseñadas terán efectos dende o día de mañá, TRECE DE MARZO DE 2020, ata o domingo 29 deste mes.

SÉTIMO. - As medidas sinaladas, quedan condicionadas a calquera variación que determinen as autoridades sanitarias autonómicas ou estatais.

Narón, 12 de marzo de 2020



CONCELLO DE NARÓN

Praza de Galicia, s.n. - 15570 - Narón - A Coruña - CIF: P 1505500 G - Tel.: 981 337700 - Fax: 981337701 - www.naron.es

ESPECIAL CORONAVIRUS

BANDO CONCELLO DE FERROL



BANDO

ÁNGEL MATO ESCALONA, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

FAI SABER:

Que ante a crise sanitaria provocada polo virus COVID-19 (Coronavirus) e tras das medidas adoptadas polo Ministerio de Sanidade e pola Xunta de Galicia anunciadas na rolda de prensa do Presidente na mañá do día 12 de marzo, o Concello de Ferrol adopta as seguintes medidas preventivas que afectan os servizos públicos, **dende o día 13 de marzo e ata novo aviso**. Ditas medidas iranse adaptando á situación epidemiolóxica de cada momento e informarse das variacións que se poidan producir respecto as mesmas en función das directrices que establezan as autoridades sanitarias competentes:

Primeiro. Procédese ao peche ao público en xeral das seguintes instalacións titularidade do Concello de Ferrol ou das súas entidades dependentes:

- a) As instalacións deportivas municipais, tanto as que conforman un recinto pechado, como as instalacións ao aire libre.
- b) As Bibliotecas municipais, as oficinas de turismo, a Aula de Ecoloxía Urbana e Acuicultura.
- c) Os centros sociais de 3ª idade e os comedores senior.
- d) Os centros culturais e cívicos municipais, Teatro Jofre e Auditorio Municipal.

No resto de instalacións de titularidade municipal, con independencia da fórmula de xestión do recinto, haberán de respectarse as normas, feitas públicas na mañá de hoxe, acordadas pola comisión interdepartamental da Xunta de Galicia no que se refire á celebración de actividades culturais ou recreativas en recintos abertos e pechados en función do seu aforo cando este sexa superior ás 50 persoas.

Segundo. - Suspensión de

- Todas as actividades deportivas e socioculturais organizadas polo Concello e todas aquelas que se desenvolvan, por terceiros, nas instalacións municipais tales como obradoiros, cursos e similares.
- Instalación ambulante de mercados, feiras e mercadillos, mentras que os mercados municipais continuarán coa súa actividade.

Terceiro. - Recoméndase á cidadanía realizar as xestións municipais por vía telemática (www.ferrol.es) ou por teléfono (número 981944000).

Cuarto. - Os plenos municipais realizaranse a porta pechada.

Quinto. **Recoméndase:**

- Non acudir a lugares que impliquen aglomeración de persoas, especialmente se se trata de sitios pechados e poñendo especial atención a colectivos vulnerables (persoas maiores, poboación infantil ou persoas con enfermidades crónicas).
- Seguir as instrucións dadas polo Ministerio de Sanidade e a Consellería de Sanidade, e en caso de ter algún sintoma contactar co teléfono de información para a cidadanía 900 400 116.
- Consultar fontes oficiais para informarse, como á páxina do Ministerio de Sanidade (www.mscbs.gob.es) e evitar a propagación de "bulos" ou informacións non contrastadas por redes sociais.
- As asociacións e entidades do Concello, que eviten as aglomeracións e actos colectivos durante os vindeiros 15 días condicionado á evolución da enfermidade.
- Non realizar depósitos masivos de alimentos nas casas dado que, segundo se traslada dende a Xunta de Galicia, están garantidos os subministrados.
- Non realizar visitas nin a residencias de maiores, nin hospitais, a excepción de casos de extrema necesidade.
- Evitar viaxes e desprazamentos que non se consideren imprescindibles.

O Concello de Ferrol quere enviar unha mensaxe tranquilizadora á veciñanza e insistir que se sigan as instrucións das autoridades sanitarias.

O Alcalde

ESPECIAL CORONAVIRUS

Ligazóns do Servizo Galego de Saúde está dispoñible toda a información actualizada sobre o COVID-19:

- <https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>
- <https://coronavirus.sergas.gal/>

Real Decreto-lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública (BOE 11 de marzo de 2020).

- <https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/11/pdfs/BOE-A-2020-3434.pdf>

COMUNICADO: EMPRESARIOS E SINDICATOS ACORDAN MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA ABORDAR A PROBLEMÁTICA LABORAL POLO CORONAVIRUS

- <https://www.cec.es/almacen/servicios/Comunicado%20Agentes%20Sociales%20.pdf>

RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello de la Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG 12 de marzo de 2020).

- https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2020/20200312/2255/AnuncioC3K1-120320-1_es.pdf

Real Decreto-lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder o impacto económico do COVID-19 (BOE do 13 de marzo de 2020).

- <https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/13/pdfs/BOE-A-2020-3580.pdf>

Documento elaborado pola CEC sobre "Actuacións e medidas das empresas ante a situación xerada polo coronavirus, COVID-19", coas posibilidades de actuación das empresas, así como propostas empresariais, ante a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19.

http://www.empresarios-ferrolterra.org/images/Documento_actuaciones_medidas_a_plantear_Covid19.pdf

RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do @Consello de la Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e actívase o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG do 13 de marzo de 2020).

- https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2020/20200313/2256/AnuncioG0244-130320-1_es.pdf

ESPECIAL CORONAVIRUS

Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE do 14 de marzo de 2020).

- <https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/14/pdfs/BOE-A-2020-3692.pdf>

RESOLUCIÓN do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello de la Xunta de Galicia do día 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG do 15 de marzo de 2020).

- https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200315/AnuncioG0244-150320-1_es.pdf

Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o RD 463/2020, do 14 de marzo, no que se establece que a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos administrativos a que se fai referencia no Real Decreto que declara o estado de alarma non será de aplicación aos prazos tributarios, suxeitos a normativa especial, nin afectará, en particular, aos prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións tributarias (BOE de 18 de marzo de 2020).

- <https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/18/pdfs/BOE-A-2020-3828.pdf>

Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 (BOE do 18 de marzo de 2020).

- <https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/18/pdfs/BOE-A-2020-3824.pdf>

Orde HAC/253/2020, do 3 de marzo, pola que se aproban os modelos de declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e do Imposto sobre o Patrimonio, exercicio 2019, determínanse o lugar, forma e prazos de presentación dos mesmos, establécense os procedementos de obtención, modificación, confirmación e presentación do borrador de declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e determínanse as condicións xerais e o procedemento para a presentación de ambos por medios telemáticos ou telefónicos (BOE 18 de marzo de 2020).

- <https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/19/pdfs/BOE-A-2020-3861.pdf>

Resolución do 11 de marzo de 2020, da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, sobre asistencia aos obrigados tributarios e cidadáns na súa identificación telemática #ante as entidades colaboradoras, con ocasión do pago de débedas con tarxetas de crédito e de débito, mediante o sistema de firma non avanzada con clave de acceso nun rexistro previo (sistema CL@VE PIN) (BOE 19 de marzo de 2020)

- <https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/19/pdfs/BOE-A-2020-3862.pdf>

ESPECIAL CORONAVIRUS



XUNTA
DE GALICIA

Expediente de Regulación Temporal de Empleo
(ERTE) por forza maior motivado polo COVID-19

PASO 1

Solicitud de empresa

- Solicitud de empresa a través da Sede Electrónica ([TR820G](#)).
- Informe relativo á perda de actividade motivada por COVID-19.
- Documentación acreditativa.

PASO 2

Documentación que deben acompañar ante a autoridade laboral

- Acreditar que se fixo comunicación á representación legal, se existe, e se non hai, ás persoas traballadoras.
- Memoria xustificativa da causa da Forza Maior derivada do COVID-19 ([art. 22 RD-Let 8/20](#)).
- Relación de persoas traballadoras afectadas ([Anexo II](#)).

PASO 3

Resolución da autoridade laboral

- Constatación ou non pola autoridade laboral da existencia de forza maior.
- Informe potestativo da Inspección de Trabajo.

Prazo máximo: 5 días

PASO 4

Aplicación de medidas

- Unha vez comunicada a resolución, corresponde á empresa a decisión sobre a aplicación das medidas, que será comunicada ás persoas traballadoras e á autoridade laboral.

PASO 5

Comunicación ao SEPE

- Para solicitar a prestación en nome das persoas traballadoras, a empresa enviará ao SEPE o modelo de ficheiro dispoñible na súa web ([sepe.es](#)), así como o certificado de empresa a través da aplicación [Certific@2](#).



Edita, coordina y diseña: Asociación de Empresarios Ferrolterra

Fotografía: Archivo gráfico AEF, Freepik.es.

Punta Arneta, s/n. Edificio Usos Múltiples, 2º. 15405 Ferrol

Tel. 981 333 305

Fax 981 333 302

info@empresarios-ferrolterra.org

www.empresarios-ferrolterra.org



Na nosa WEB tes toda a información actualizada sobre el Coronavirus

Horario de atención aos socios:

De luns a xoves de 8,30 a 14,30 e de 16,00 a 18,00 horas.

Venres de 8,00 a 15,00 horas

<http://www.empresarios-ferrolterra.org/index.php/portada/1313-informacion-coronavirus>

Proxecto cofinanciado por Concello de Narón no ano 2020



ferrolterra ten futuro